

Proposta de dinámica nas aulas con motivo da campaña do 25N do Concello de Arzúa “Cambia o conto” para segundo e terceiro ciclo de primaria

A campaña do 25N, promovida polo Concello de Arzúa, fai referencia a que as violencias machistas nin son un conto, nin pasan soamente nas películas ou nas series, alentando á implicación activa para poñerlles fin, dende a súa principal proclama: #acabouse.

Unha das características da campaña é a chamada á acción e deséñase co obxectivo de ir máis aló da mensaxe, por iso, coa presentación aos centros educativos do concello, achégase unha proposta de dinámica para que poidan traballar no ámbito da aula sobre a campaña con segundo e terceiro ciclo de primaria.

Así, animase ao profesorado a por en práctica a seguinte pauta didáctica para potenciar o efecto e resultados da campaña do 25 N.

Cal será o noso obxectivo?

- O noso obxectivo principal será contribuir á erradicación da violencia machista dende a infancia e a adolescencia. Para iso, esta actividade traballa os seguintes obxectivos específicos:
- Potenciar a capacidade de análise crítica.
- Facilitar a identificación de discursos sexistas.
- Favorecer o desenvolvemento de actitudes e comportamentos tendentes a eliminar as actitudes sexistas.
- Fomentar a construción de modelos amorosos alternativos basados en relacións igualitarias e bo trato.

Como o imos facer?

Tempo estimado: unha sesión de aula (50 minutos).

Material necesario: exemplos de carteis seleccionados da campaña (aqueles sobre os contos).

- Durante a sesión:

Para introducir a actividade pódese empregar o proxecto #cambiaelcuento que ofrece claves para identificar as mensaxes estereotipadas e as actitudes sexistas presentes nos contos tradicionais. Neste caso, a través de *Caperuchiña Vermella*, amósanos como se poden normalizar comportamentos de acoso, para así cambiar o conto e crear un espazo seguro e libre de violencias machistas (*Caperucita dice NO - #CambiaelCuento - Violencias machistas*). Anímase a comezar un diálogo coa aula sobre este tipo de mensaxes e comportamentos, aportar máis exemplos que lles veñan á cabeza e falar daqueles elixidos na campaña. Agora xa podemos comezar coa actividade!

- Narrativa da actividade:

As protagonistas destes contos están fartas de que sempre se repita a mesma historia. Por iso, nos encomendan unha importante misión: cambiar o conto!

Toda a clase debe escoller un ou varios contos tradicionais, e cambiar o seu final ou ben crear unha nova historia para que rachen cos estereotipos e con este tipo de comportamentos.

Se escolledes cambiar o final dun conto, elixide diferentes contos por grupos e dádlle á imaxinación para cambiar o final! Para axudarvos nas primeiras ideas e que chegue a inspiración, aí van algúns exemplos:

Na Bela Durminte podemos cambiar que se esperte soamente cando soa a última alarma do móbil.

A Sirenita, nun final alternativo, fai un trato con Úrsula para poder visitar con ela o mundo humano e irse xuntas de festival.

Acabouse!

**AS VIOLENCIAS MACHISTAS NON SON UN CONTO,
OCORREN NA VIDA REAL. POÑÁMOSLLES FIN TODOS OS DÍAS.**

Podedes recoller as propostas finais, darlles un toque estético e pegalas nas paredes do centro. Así teredes a vosa propia campaña!

Se escolledes crear unha historia nova, cada persoa ten que dicir unha frase completa enlazando coa frase anterior que dixo outra persoa e, así, ao final teremos unha historia para contar! Vos facilitamos algunhas pautas:

Pode haber un príncipe ou unha princesa como protagonistas, pero cumprindo unhas condicións: o príncipe non salva á princesa e tampouco hai unha historia de amor entre príncipe e princesa; e haberá un cambio de vestuario! Nin vestidos para a princesa nin espadas para o príncipe.

Proposta de dinámica na aula creada en colaboración coa Asesoría de Igualdade Prisma:

Prisma
Expertas en Igualdad

Acabouse!

**AS VIOLENCIAS MACHISTAS NON SON UN CONTO,
OCORREN NA VIDA REAL. POÑÁMOSLLES FIN TODOS OS DÍAS.**

Proposta de dinámica nas aulas con motivo da campaña do 25N do Concello de Arzúa “Cambia o conto” para secundaria

A campaña do 25N, promovida polo Concello de Arzúa, fai referencia a que as violencias machistas nin son un conto, nin pasan soamente nas películas ou nas series, alentando á implicación activa para poñerlles fin, dende a súa principal proclama: #acabouse.

Unha das características da campaña é a chamada á acción e deséñase co obxectivo de ir máis aló da mensaxe, por iso, coa presentación aos centros educativos do concello, achégase unha proposta de dinámica para que poidan traballar no ámbito da aula sobre a campaña en secundaria.

Así, anímase ao profesorado a por en práctica a seguinte pauta didáctica para potenciar o efecto e resultados da campaña do 25 N.

Cal será o noso obxectivo?

- O noso obxectivo principal será contribuir á erradicación da violencia machista dende a infancia e a adolescencia. Para iso, esta actividade traballa os seguintes obxectivos específicos:
- Potenciar a capacidade de análise crítica.
- Facilitar a identificación de discursos sexistas.
- Favorecer o desenvolvemento de actitudes e comportamentos tendentes a eliminar as actitudes sexistas.
- Fomentar a construción de modelos amorosos alternativos basados en relacións igualitarias e bo trato.

Como o imos facer?

Tempo estimado: unha sesión de aula (50 minutos).

Material necesario: exemplos de carteis seleccionados da campaña.

- Durante a sesión:

Para introducir a actividade pódese empregar o vídeo: *¿Es posible cambiar por amor? La Bella y la Bestia - #CambiaelCuento - Educación afectiva y sexual*

- Narrativa da actividade:

Como non nos ensinaron a amar e a ter unhas relacións guais e que nos fagan ben, fomos aprendendo do que nos rodeaba: da televisión, do cinema, dos libros e dos exemplos da nosa contorna. O amor romántico e o amor Disney é ese amor que podemos atopar en calquera conto da nosa infancia, que están cheiros de ideas e mitos do amor para nada sás. Sodes capaces de identificar algúns deses mitos?

Pois hoxe convertímonos nun equipo de redacción de guión para a actividade “Reescribe a escena!”

Escollemos a escena dun dos carteis da campaña da serie “El Barco”. A proxectamos e, por grupos, reescribimos unha nova escena ou escenas (se vos sentides con inspiración), que vos animamos a representar para poñer en práctica as dotes interpretativas ;)

Se se vos ocorre outra escena destas pelis ou outras diferentes, propoñédeas!

Podedes facer unha proposta previa de ideas de formas de amor san (lembrade que tamén existe o amor propio) e de relacións afectivas diversas para benamar.

Proposta de dinámica na aula creada en colaboración coa Asesoría de Igualdade Prisma:

 **Prisma**
Expertas en Igualdade

Acabouse!

**AS VIOLENCIAS MACHISTAS NON SON UN CONTO,
OCORREN NA VIDA REAL. POÑÁMOSLLES FIN TODOS OS DÍAS.**

Proposta de dinámicas nos centros educativos con motivo da campaña do 25N do Concello de Arzúa “Acabouse”.

A campaña do 25N, promovida polo Concello de Arzúa, fai referencia a que as violencias machistas nin son un conto, nin pasan soamente nas películas ou nas series, alentando á implicación activa para poñerlles fin, dende a súa principal proclama: #acabouse.

Unha das características da campaña é a chamada á acción e deséñase co obxectivo de ir máis aló da mensaxe, por iso, coa presentación aos centros educativos do concello, achégase unha proposta de dinámica para que poidan traballar de forma xeral e para todas as aulas de primaria e secundaria.

Así, animase ao profesorado a por en práctica a seguinte pauta para potenciar o efecto e resultados da campaña do 25N.

Cal será o noso obxectivo?

O noso obxectivo principal é que o alumnado poida debater, reflexionar, identificar e, en último caso, encher os cartaces da campaña de todas as violencias machistas que desexan que rematen. Exemplos: “control”, “comentarios machistas”...

Como o imos facer?

Facilitamos un cartaz tamaño A2 en branco co lema da campaña “ACABOUSE” no que o alumnado, previo debate co profesorado, poderá escribir no espazo en branco dos cartaces, todas esas violencias machistas que queren que rematen.

O interesante desta proposta non é só o resultado final, se non xenerar debate no proceso, reflexionar e identificar, facer visibles todas as violencias machistas.

Acabouse!

**AS VIOLENCIAS MACHISTAS NON SON UN CONTO,
OCORREN NA VIDA REAL. POÑÁMOSLLES FIN TODOS OS DÍAS.**